

Índice

- Artigo 1. Natureza e Feito Impoñible
- Artigo 2. -Supostos de non suxeición.
- Artigo 3. -Exencións.
- Artigo 4. Suxeitos Pasivos
- Artigo 5. -Cota tributaria.
- Artigo 6.-Coeficiente de incremento.
- Artigo 7. -Índice de situación.
- Artigo 8.-Período impositivo e devengo.
- Artigo 9. -Normas de xestión do Imposto.
- Artigo 10. -Comprobación e investigación.
- Artigo 11.-Delegación de facultades.
- Artigo 12. -Vixencia e data de aprobación.

Redaccións

 Aplicable dende: 01/01/1992
Nº de bop: 271

Aplicable dende: 01/01/1993
Nº de bop: 39
Fisterra - ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

 Publicación provisional: **27/07/1992** BOP Nº: 171
Publicación definitiva: **27/07/1992** BOP Nº: 171
Aplicable dende: **01/01/1993**
Artigo 1. Natureza e Feito Impoñible

1.-0 Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo directo de carácter real, e dito feito imoñible está constituído polo mero exercicio neste Termo Municipal de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non en local determinado e se atopen ou non especificadas nas Tarifas do imposto.

2.-Considéranse, ós efectos deste Imposto, actividades empresariais as gandeiras, Cando teñan carácter independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Non teñen, polo conseguinte, tal consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, non constituindo feito imoñible polo Imposto ningunha delas.

Os efectos do previsto no parágrafo anterior, terá a consideración de gandería independente, o conxunto de cabezas de gando que se encontre comprendido nalgún dos

casos seguintes:

- a) Que paste ou se alimente fundamentalmente en terras que non sexan explotadas agrícola ou forestal mente polo dono do gando.
 - b) O estabulado fóra das fincas rústicas.
 - c) O trashumante ou trasterminante.
 - d) Aquel que se alimente fundamentalmente con pensos non producidos na finca na que se cría.
- 3.-Considérase que unha actividade exerceuse con carácter empresarial, profesional ou artístico, cando supoña a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou de un de ambos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.
- 4.-0 contido das actividades gravadas está definido nas Tarifas do Imposto, aprobadas por Reais Decretos Lexislativos 1.175/1990, de 28 de setembro (B.O.E. de 29 de setembro, 1 e 2 de outubro) e 1.259/1991, de 2 de agosto (B.O.E. de 6 de agosto).
- 5.-0 exercicio das actividades gravadas aprobarase por calquera medio admisible en dereito e, en particular, polos contemplados no artigo 3 do Código de Comercio.

Artigo 2. -Supostos de non suxeición.

Non constitúe feito imoñible neste imposto o exercicio das seguintes actividades:

- 1.-A enaxenación de bens integrados no activo fixo das empresas que figurarán debidamente inventariados como tal inmovilizado con mais de dous anos de antelación a fecha de transmitirse, e a venda de bens de uso particular e privado do vendedor sempre que os utilizara durante igual período de tempo.
- 2.-A venda de produtos que se reciben no pagamento de traballos persoais ou servizos profesionais.
- 3.-A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou adorno do establecemento. Polo contrario, estará suxeita ó imposto a exposición de artigos para regalo ós clientes.
- 4.-Cando se trate de venda ó por menor a realización dun só acto ou operación illada.

Artigo 3. -Exencións.

1.-Están exentos do Imposto:

- a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os seus respectivos Organismos autónomos de carácter administrativo.
 - b) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de Tratados ou de Convenios Internacionais.
 - c) As Entidades Xestoras da Seguridade Social e de Mutualidades e Montepíos constituídos conforme ó previsto na Lei 33/1984, de 2 de agosto.
 - d) Os Organismos Públicos de investigación e os establecementos de ensino en tódolos seus grados custeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas, ou das Entidades Locais, ou por Fundacións declaradas benéficas de utilidade pública, anque por excepción vendan no mesmo establecemento os produtos dos talleres adicados a dito ensino, sempre que o importe de dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.
 - e) As Asociacións e Fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen, aínda que vendan os produtos dos talleres adicados a ditos fins, sempre que o importe de dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.
 - f) A Cruz Roxa Española.
- 2.-Os beneficios regulados nas letras d) e e) do apartado anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.
- 3.-Quen á data do comezo da aplicación do Impostos obre Actividades Económicas gocen de calquera beneficio fiscal na Licencia Fiscal de Actividades Comerciais e Industriais ou una Licencia Fiscal de Actividades profesionais e de Artistas continuarán disfrutando dos mesmos no imposto citado en primeiro lugar ata ad ata da súa extinción, e se non tiveran termo de disfrute at ao 31 de decembro de 1994 inclusive, sen prexuízo das obrigas formais que a eles incumben.

Artigo 4. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria sempre que realicen neste Termo Municipal calquera das actividades que orixina no feito imoñible.

Artigo 5. -Cota tributaria.

1.-A cota tributaria será resultante de aplica-las Tarifas do Imposto, de acordo cos preceptos contidos na Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, e nos Reais Decretos Lexislativos 1.175/1990 de 28 de setembro e 1.259/1991, de 2 de agosto, así como o coeficiente e os índices acordados por este Concello e regulados, respectivamente, nos artigos 6.0 e 7.0 desta Ordenanza Fiscal e; no seu caso, o recargo provincial que establece a Deputación da Coruña.

2.-Si as sucesivas Leis de Presupostos Xerais do estado modificaran as Tarifas do Imposto e/ou actualizaran as cotas contidas nas mesmas, ditas variacións terán plena vixencia e surtirán efecto desde a súa entrada en vigor.

Artigo 6.-Coeficiente de incremento.

De conformidade co previsto no artigo 88 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o coeficiente de incremento a aplicar sobre as cotas mínimas das Tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, para todas aquelas exercidas neste Termo Municipal, fixado no un (1).

Artigo 7. -Índice de situación.

1.- A efectos do previsto no artigo 89 da Lei 39/88 do 28 de decembro, as vías públicas deste Municipio calificanse en dúas categorías fiscais que son as seguintes:

1ª – Categoría fiscal – Vías urbanas comprendidas dentro do casco urbano de Fisterra e da localidade de Sardiñeiro, deste Termo Municipal, incluíndo aquelas que o delimitan.

2ª Categoría Fiscal – Vías comprendidas dentro das Entidades colectivas de poboación do resto do municipio.

2.- Sobre as cotas incrementadas, por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 6º da presente Ordenanza, e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radica fisicamente o local onde se realiza a actividade económica, establécense, a seguinte táboa de Índices:

Índice aplicable 1º 1.2º: 0,7.

3.- Aquelas actividades que tributen por cota provincial ou nacional non lles serán aplicables nin o coeficiente nin o índice de situación regulamentarias nesta Ordenanza.

Artigo 8.-Período impositivo e devengo.

1.-O Período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, en dito caso abarcará dende a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

2.-O Imposto devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, salvo cando nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, en dito presuposto as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finaliza-lo ano. Incluído o de comezo do exercicio da actividade.

3.- Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presenta-las correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

Artigo 9.-Normas de xestión do Imposto.

1.-E competencia do Concello a xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de exencións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobramento, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos, e actuacións para a información e asistencia ó contribuínte.

2.-As solicitudes para o recoñecemento de beneficios fiscais deben presentarse na Administración Municipal, debendo ir achegadas da documentación acreditativa das mesmas. O acordo polo que se acceda á petición solicitada fixará, o exercicio dende o cal o beneficio enténdese concedido.

3.-Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes, a contar dende a notificación expresa ou a exposición pública dos padróns correspondentes.

4.-A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobramento, ó menos que dentro do prazo previsto para interpo-lo recurso o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía suficiente.

Non obstante, en casos excepcionais, a Alcaldía pode acorda-la suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recurrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre fehacientemente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

As liquidacións de ingreso directo será.n satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento Xeral de Recadación que son:

a) Para as notificacións efectuadas na primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificacións efectuadas na segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

Transcorrido o período voluntario de cobramento sen efectuarse o ingreso abrírase a vía de apremio e aplicarase un recargo do 20 por cento.

As cantidades axeitadas devengarán interés de demora dende o día seguinte ó vencemento da débeda no período voluntario ata a data do seu ingreso, aplicándose dito interés sobre a débeda tributaria excluído o recargo de apremio.

O tipo de interés será, o vixente no momento de finalizo prazo de ingreso en período voluntario, fixado conforme ó disposto no artigo 58.2.2) da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 10.-Comprobación e investigación.

Nos termos que se dispoñan polo Ministro de Economía e Facenda, o Concello recabará, para sís as funcións de Inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderán a comprobación e Investigación, a práctica das liquidacións tributarias que no seu caso procedan e a notificación da Inclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo elo referido, exclusivamente, ós supostos de tributación por cota municipal.

Artigo 11.-Delegación de facultades.

Si o Concello delegara na Deputación Provincial da Coruña, as facultades referidas nos artigos 9 e 10 desta Ordenanza ou exclusivamente as de un deles, e esta delegación é aceptada, as normas contidas en ditos artigos serán aplicables á.s actuacións que deban efectuar á. Administración delegada.

Artigo 12.-Vixencia e data de aprobación.

Esta Ordenanza, aprobada polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de maio de 1992 comezará a rexir-lo día 1 de xaneiro de 1992.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Avenida Porto da Coruña, 2
15003 A Coruña
Tlf: 981 080 300

Información: Ir a Contacto

ACCESOS DIRECTOS

- > Sedes electrónicas das E.E.L.L. da Coruña
- > As miñas xestións - Notificacións
- > Portal de Transparencia
- > Impresos xerais
- > Calendario Oficial
- > Perfil do Contratante
- > Taboleiro de Anuncios
- > Buzón de Suxerencias ou Queixas
- > Verificación de Documentos

ENLACES DE INTERESE

- > Deputación da Coruña
- > Xunta de Galicia
- > Punto Acceso Xeral
- > BOP
- > DOG
- > BOE
- > eDNI
- > Validacións
- > FNMT
- > Oficina Virtual do Catastro

